

Procedemento: Aprobación regulamento electoral 2026

Solicitante: Federación Galega de Natación

Expediente: PR946A/2026/2189

Achégolle, xunto a este oficio, a resolución do 03.06.2026 de aprobación do regulamento electoral e do correspondente calendario da Federación Galega de Natación.

Lémbrolle que debe comunicar a convocatoria das eleccións á Secretaria Xeral para o Deporte e publicar, xunto co calendario e o regulamento visados que se achegan, a documentación a seguir:

- o censo electoral provisional
- a data, o lugar e o horario de celebración das votacións
- os modelos oficiais dos sobres e das papeletas
- a composición da xunta electoral e o medio de contacto con ela
- a distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais; que deberá reflectir a distribución inicial establecida no regulamento electoral do número de representantes asignado a cada circunscrición, por especialidade e por estamento.

Deberá enviar á Subdirección Xeral de Plans e Programas as papeletas para remitir ás persoas que soliciten o voto por correo, como moi tarde o 17.08.2026.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Hortensia Vázquez Fraga

A xefa do Servizo Xurídico-deportivo

